

PUNTEVEDRA SPORT

EL PERIÓDICO DEL PARTIDO

REFERENTES EN TODAS AS FRONTERAS

REFERENTES EN TODAS AS FRONTERAS

REFERENTES EN TODAS AS FRONTERAS



TIME SPORT N.º 6 · El periódico del partido Mayo 2025 · EJEMPLAR GRATUITO



PREDAS S.L.

698 366 377

Obras y construcciones
todo encaja bien.



• RESTAURANTE •

SERAFÍN

CASA DE COMIDAS
PESCADOS Y MARISCOS DE LA RÍA

Llámanos

 679 349 065




Islas Cies

 Camiño Do Lago, 36200 Illa do Faro

[CONTENIDO]

04



PUBLIREPORTAJE

09



FÚTBOL

30



POLIDEPORTIVO

33



MOTOR

[EDITORIAL]

EDITA

JL PUBLICACIONES S.L.

AVDA. BUENOS AIRES, 5 - BAJO 2
15004 A CORUÑA

ATENCIÓN AL CLIENTE

☎ 881 124 648

☎ 698 140 808

E-MAIL: INFO@TIMESPORT.EU

WEB: WWW.TIMESPORT.EU

DIRECCIÓN

JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ

REDACCIÓN

ÁLVARO ALDREY

DISEÑO Y MAQUETACIÓN

ANDREE MONTESINOS

PUBLICIDAD

LORENA ARIAS

MERY TENREIRO

CRISTINA OTERO

ADMINISTRACIÓN

EVELIN RUBERTE

FOTOGRAFÍA PORTADA

JL PUBLICACIONES

DEPÓSITO LEGAL: C-52-2020



Nº1 EN PUBLICACIONES DEPORTIVAS
REVISTAS DE FIESTAS Y GUÍAS GASTRONÓMICAS
TIMESPORT · IFESTAS · GUÍAS GASTRONÓMICAS · FRANQUICIAS
LA MEJOR PUBLICIDAD PARA TU EMPRESA

Síguenos en **Redes Sociales**

WWW.JLPUBLICACIONES.COM



Italia

Bar • Restaurante • Pizzería • Asador

Tel.: 986 53 19 20

Rúa Hospital, 15

36630 Cambados - Pontevedra





PIZZERÍA ITALIA: TRADICIÓN ITALIANA CON CORAZÓN GALEGO

“A combinación dunha boa pizza cun Albariño é unha maridaxe perfecta”

Desde que abriu as súas portas en 2013, Pizzería Italia converteuse nunha referencia imprescindible na vila de Cambados. Ao fronte está Dalia Mucelli, unha emprendedora cunha longa traxectoria na hostalería e un vínculo especial con Galicia. O seu proxecto combina produto italiano auténtico cunha aposta familiar, honesta e próxima. Falamos con ela sobre os inicios do negocio, os pratos estrela e o segredo do seu éxito.

—**Dalia comezamos polo básico: como se chama exactamente o local e como preferides que se vos identifique?**

O nome é Pizzería Italia, pero como hai outras co mesmo nome, nós sempre dicimos Pizzería Italia Cambados. Así ninguén se confunde.

—**E en que ano comezastes co negocio?**

En de 2013. Levamos xa doce anos en Cambados, e seguimos coa mesma ilusión do primeiro día.

—**Como naceu a idea de montar unha pizzería aquí?**

Levo dende os 14 anos traballando na hostalería, e teño 45. Sempre me gustou o trato co público. De nena xa viña a Cambados de vacacións porque meu pai casou cunha cambadesa. En Italia tiña o meu restaurante, pero os custos eran moi altos e con tres fillos era complicado seguir. Meu pai, que vivía aquí, dicíanos: “Vinde, que falta unha boa pizzería”. Animámonos, viñemos, e acertamos.

—**Comezastes cun local moi pequeno, non si?**

Si, só tiñamos catro mesas. Logo mudámonos a outro con nove mesas e terraza, pero en Galicia a terraza só se aproveita uns meses ao ano. Finalmente apareceu o local do antigo Gallo Negro, que estaba baleiro, e decidimos collelo. Tivemos coraxe, pero sabíamos que funcionaría. E así foi.

—**Que pizzas recomendades especialmente?**

Depende do gusto de cada quen, pero aquí triunfan as pizzas cargadas. As que máis saen son a tirolesa, a caprichosa e a Italia, que é unha sorpresa: non lle dicimos ao cliente o que leva. Cada día os meus fillos, que son os pizzeiros, escollen ingredientes diferentes. Á xente encántalle.

—**É un proxecto familiar entón.**

Totalmente. Traballan comigo os meus fillos, o cociñeiro leva oito anos connosco, e os camareiros tamén levan tempo. Aquí non hai xerarquías, somos un equipo. É como estar na casa.

—**Ampliachedes a carta tras a pandemia, non é así?**

Si, incorporamos pratos á brasa porque moita xente maior non quería pizza e as familias non podían vir completas. Agora poden vir todos: netos, pais e avós. Facemos carne á grella, arroz con marisco, polbo... E tamén temos unha pizza galega con polbo e queixo tetilla que funciona moi ben. Fusionamos tradición italiana e galega.

—**Cal é a filosofía da empresa?**

Traballar e ser felices. Gústanos o que facemos. Para nós non é un traballo: é unha paixón.

—**Que vos diferencia doutras pizzerías?**

Usamos ingredientes que veñen directamente de Italia: fariña, tomate, mozzarella... A nosa masa leva unha fermentación mínima de 18 horas, é moi lixeira, nada pesada. E todo é artesanal. Ademais, o trato humano: somos unha familia e iso nótase no ambiente.

—**Tedes algún lema comercial?**

Non tiñamos un claro, pero encantounos unha proposta que nos fixeron. Pizzería Italia Cambados: o sabor auténtico que cruza fronteiras.

—**Onde está situado exactamente o local?**

Moi preto da Praza de Abastos, entre a rúa Hospital e a rúa Albariño. Ten dúas entradas, terraza exterior e comedor interior con climatización para o verán e o inverno.

—**E unha pizza cun albariño... iso nunca falla, non?**

Pois claro! En Italia acompañamos as pizzas con viño branco ou cervexa. Aquí temos Albariño, Estrella Galicia... Temos todo o que fai falta!

—**Moitísimas grazas, Dalia.**

Grazas a vós. E agardamos vervos por aquí este verán!



¿Problemas para desplazarse?

iYo ninguno!



VENTA, ALQUILER Y REPARACIÓN

649 650 925

miscooters@hotmail.com

**Pida cita para visitarnos en Polígono Las Gándaras
Orbenlle O Porriño**

IMPERNOROESTE, S.L.L.



*Distribuidor y
aplicador autorizado de:*

POLIBREAL®



Impermeabilizamos:

Terrazas, canalones, depósitos
de agua, piscinas, fosos de
ascensor, muros, fachadas, jardineras ...

Lavamos:

Tejados, Cubiertas, Fachadas, ...



www.impernoroste.com

Redondela

PONTEVEDRA



602.61.09.49 (Linea 1)

986.40.09.16 (Linea 2)



impernoroste@gmail.com



TALLER DE MECANICA Y ELECTRICIDAD CROIX PONTEVEDRA

Taller mecánico para turismos, suv, autocaravanas y furgonetas. Poseemos capacidad técnica multimarca. Mecánica rápida (cambio de aceites, filtros, embragues, baterías...), electricidad, máquina de diagnosis y distribuciones.

NUESTROS SERVICIOS SON:

- ELECTRICIDAD
- MÉCANICA RÁPIDA
- AIRE ACONDICIONADO
- ALINEADO 3D Y EQUILIBRADO
- NEUMÁTICOS Y MUCHO MÁS...

PIDE TU CITA

☎ **604 089 694**

☎ **986 10 82 92**

📘 *mecanica croix*

📷 *@croixcarservice*

📍 *croix car service*

📍 **Rosalía de Castro N°70 Bajo
(antes de la casa del mar)**



FÚTBOL





O PONTEVEDRA CF XA É EQUIPO DE PRIMEIRA RFEF

Foi un ascenso incontestable nunha tempada máxica. Pasarón recupera o lugar que lle pertence.

Hai ascensos que se celebran. E logo están os que se lembran para sempre. O do Pontevedra CF en 2024/25 pertence á segunda categoría. Cunha tempada memorable, chea de fútbol de altura, carácter competitivo e momentos inesquecibles, o equipo granate selou o seu regreso á Primeira Federación con tres xornadas de marxe e o recoñecemento unánime de todo o fútbol galego e nacional.

A campaña do conxunto de Pasarón foi unha demostración de forza, personalidade e ambición. Desde o primeiro partido, o Pontevedra deixou claro que quería máis que competir: quería dominar. O seu principal rival, o Numancia, un clásico do fútbol estatal, non puido resistir o empuxe constante dun equipo que xogou coma un grande e sentiuse grande cada fin de semana. O ascenso é a consecuencia natural dunha idea clara: xogar ben, xogar con orgullo. E aí aparece a figura dun home que xa é parte da historia do club: Yago Iglesias. O técnico coruñés, fiel a un estilo purista e ofensivo, fixo que o Pontevedra brillase dende o balón, pero tamén desde o sacrificio, desde a fe,

desde a unión. O seu equipo mandou en casa e fóra, e fíxoo sen renunciar á súa identidade. A súa proposta foi valente, moderna e contundente. Fútbol de Primeira.

E se a liga foi unha sinfonía, a Copa do Rei converteuse nun himno. O Pontevedra eliminou a equipos de Primeira División e plantouse nos oitavos de final, tocando o ceo do fútbol estatal e facendo vibrar a Pasarón coma nos vellos tempos. Non foi un milagre. Foi consecuencia do traballo ben feito. Este ascenso é máis que unha clasificación. É unha reafirmación de identidade. É a cidade volcándose co escudo, o estadio ruxindo, os xogadores crendo... É o "hai que roelo" convertido en bandeira e compromiso. É a demostración de que o Pontevedra CF está chamado a ocupar un lugar importante no mapa do fútbol nacional.

A tempada 2024/25 será lembrada como a do regreso dos valentes. E Pasarón, como o escenario onde os sonhos deixaron de ser sonhos para converterse en realidade.

CENTRO ESTÉTICA

TRATAMIENTOS DE ESTÉTICA DE ÚLTIMA GENERACIÓN

Estetica Chi en Arcade te ofrece asesoramiento personalizado tanto en tratamientos de estética corporales como faciales.

CONTÁCTANOS:

☎ 649 408 253

✉ ESTETICA_CHI@HOTMAIL.COM

Chi

Contamos con 25 años de



WWW.ESTETICACHI.COM

NUESTROS SERVICIOS

- Indiba
- Láser azul
- Vacumterapia
- Rituales
- Medicina estética
- Tratamientos faciales

- Tratamientos corporales
- Aromaterapia
- Manicura y pedicura
- Maquillaje
- Depilación
- Aparatología

📍 C/ ALAMEDA TALO RÍO, PTAL. 9 ENTLO. 3- ARCADE

- 36690 - SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)



A BOA VILA CELEBROU UN ASCENSO MÁIS QUE MERECIDO

Os da cidade do Lérez regresaron á Primeira Federación tras mostras de oficio, paixón e moito fútbol.

Despois dunha tempada de traballo, compromiso e moita fe, o Pontevedra selou o seu regreso á Primeira RFEF. A alegría do ascenso deixouse sentir tanto no vestiario como nas bancadas de Pasarón, cun sentimento compartido de orgullo e redención tras a decepción do ano anterior. Os principais protagonistas non ocultaron a súa emoción.

Yago Iglesias (adestrador): “É un ascenso merecido para todos”

O técnico granate non puido ocultar a súa emoción despois de lograr o obxectivo: “Por fin estamos en Primeira RFEF. Creo que a tempada é espectacular e necesitabamos o broche. A pasada campaña, no último partido do play-off, marchamos para casa moi fastidiados... e creo que hoxe é merecido para todos: para a afección, para os xogadores, para o club e tamén para o corpo técnico, os homes de negro que sufrimos cada día.”

Lupe Murillo (presidenta): “O obxectivo conseguíuse antes do previsto”

A presidenta do Pontevedra CF, Lupe Murillo, mostrouse radiante e orgulloza do seu equipo, declarando o seguinte: “Foi unha tempada moi complicada, como todas, pero o obxectivo conseguíuse, e antes do esperado. Estou feliz de que a afección estea aquí con nós, disfrutando deste ascenso. Isto tamén é deles. Fomos quen de manter unha liña constante e firme durante todo o ano, e iso

ten moito mérito.”

Álex González (capitán): “Pasarón ten maxia”

O capitán granate, símbolo do espírito de loita do equipo, puxo palabras ao sentimento colectivo: “Temos fe. Pasarón ten maxia. Desde que cheguei, sentín que o meu estilo de xogo —de loita, de sacrificio, de deixalo todo— conectaba coa filosofía do club. O ‘hai que roelo’ non é só un lema: é unha forma de sentir este escudo e esta cidade.”

Recoñecemento institucional

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, tamén recibiu ao equipo no Pazo de Raxoi, subliñando o impacto do ascenso: “Este éxito é un orgullo para toda Galicia. O Pontevedra CF é un referente histórico do noso fútbol, e volver a unha categoría superior representa tamén un impulso para a cidade e para o deporte galego.”

O Pontevedra CF celebrou así un ascenso que chega como recompensa á perseveranza, ao gran traballo -crendo nun proxecto de forma unánime- e á paixón dunha afección que nunca deixou de alentar. Pasarón recupera o seu lugar, e Galicia gaña de novo un equipo de referencia na Primeira RFEF.



Excavaciones y movimientos de tierra

Canalización hidráulica

Demoliciones y derribos

Construcción de zanjas





PASARÓN, UN FORTÍN CLAVE PARA O REGRESO GRANATE

O Pontevedra foi o mellor local, con 46 puntos sumados na casa e unha xeira de 12 victorias consecutivas.

O ascenso do Pontevedra CF á Primeira Federación non só se explica pola calidade do cadro que dirixe Yago Iglesias, senón tamén pola súa firmeza como local. Pasarón converteuse nun auténtico fortín ao longo da tempada 2024/25, onde o conxunto granate sumou 46 puntos de 51 posibles. Só o Marino de Luanco, cun sorprendente 0-1 na xornada seis, e o Avilés, cun empate a un na xornada dez, foron quen de rascar algo nun estadio inexpugnable desde entón.

Desde aquela, o Pontevedra encadeou doce vitorias consecutivas diante da súa afección, para acadar un total de quince neste curso, vencendo a rivais da parte alta como Numancia, Fabril, Langreo, Real Ávila ou Rayo Cantabria, e tamén a Guijuelo, Compostela, Bergantiños, Salamanca, Coruxo, Escobedo,

Llanera, Valladolid Promesas, Gimnástica de Torrelavega e Laredo. Equipos que, malia as súas aspiracións, foron incapaces de discutir o dominio local. A solidez en Pasarón foi clave para un ascenso acadado con solvencia. Nun grupo tremendamente esixente, sumar case a totalidade dos puntos na casa deu ao Pontevedra unha base sólida para afrontar con tranquilidade os desafíos fóra. O estilo valente de Yago Iglesias encaixou á perfección co ambiente do estadio, onde a grada respondeu cun apoio constante e entusiasta.

O regreso á Primeira Federación, ademais, faino o Pontevedra cun dato contundente: ningún equipo da categoría sumou máis puntos como local. Unha realidade que fala do potencial do proxecto granate e do poder dunha afección que, nesta tempada, foi sinónimo de triunfo.

Automoción MONTEPORREIRO



Electricidad y
Servicio Rápido

**ELECTRICIDAD - DIAGNOSIS - FRENOS CON FRENÓMETRO - PRE ITV - DISTRIBUCIONES
EMBRAGUES - ACEITES - FILTROS - RUEDAS - AMORTIGUADORES
- ALINEADO DE DIRECCIÓN - BATERÍAS - LUCES - ESCOBILLAS - ESCAPES
- COCHE DE SUSTITUCIÓN**

📞 986 845 997 - 677 229 532

✉ automocionmonteporreiro@gmail.com

📍 Rúa de Suecia, 24 - 36162 - Monteporreiro (Pontevedra)



O EQUIPO TAMÉN RINDEU DE MARABILLA A DOMICILIO

Os granates sumaron 26 puntos, os mesmos que Numancia, Fabril e Salamanca UDS.

O rendemento do Pontevedra CF neste curso foi moito máis ca un exercicio de autoridade en Pasarón. O equipo de Yago Iglesias tamén exhibiu madurez, adaptabilidade e carácter lonxe da casa, nun contexto sempre difícil como é o da Segunda RFEF, onde cada desprazamento supón un reto táctico, físico e mental. O balance non deixa lugar a dúbidas: 26 puntos como visitante, o mellor rexistro do grupo 1, igualando con Numancia, Fabril e Salamanca.

Nunha categoría marcada pola diversidade de escenarios —desde campos con dimensións reducidas ata superficies irregulares ou ambientes hostís—, a capacidade de competir e sumar a domicilio convértese nun indicador claro da consistencia dun proxecto. O Pontevedra superou ese exame con nota, cun plan de xogo que soubo adaptarse a cada situación sen renunciar á súa identidade.


Os triunfos en feudos tan esixentes como os do Langreo, Escobedo, Guijuelo, Coruxo, Laredo, Ávila ou Salamanca foron a mostra dunha proposta sólida e ambiciosa. A isto sumáronse empates traballados fronte ao Compostela, Llanera, Valladolid Promesas, Marino de Luanco e Bergantiños, encontros

nos que o equipo amosou personalidade e oficio para evitar derrotas e manter a regularidade.

O mérito é dobre se se entende o contexto desta categoría: viaxes longas, horarios incómodos, campos de herba artificial, medidas moi distintas ás de Pasarón e rivais que, sen importar a súa posición na táboa, convierten cada partido nun combate de detalles. A Segunda RFEF non permite relaxación ningunha, e o Pontevedra soubo estar á altura.

Este rendemento fóra da casa non só serviu para asegurar puntos clave no camiño ao ascenso, senón que tamén demostra que o equipo chega preparado ao esixente escenario da Primeira Federación. Unha competición onde dominar na casa é importante, pero onde sobrevivir e competir fóra marca a diferenza entre os equipos que loitan pola permanencia e os que aspiran a máis.

En definitiva, o Pontevedra que vén de subir non é só o mellor local, senón tamén un dos máis solventes como visitante. Un bloque feito para competir en calquera campo, consciente de que o ascenso se constrúe tamén lonxe do seu público.



HHB Pontevedra Confort

www.hotelpontevedra.es

C/ Mestre Soutillo 2 - 36004 - Pontevedra
Tel.: 986 10 94 99 • info@hotelpontevedra.es



O DÍA QUE O PONTEVEDRA MARCOU O CAMIÑO

Os granates deron un paso decisivo cara ao ascenso ao vencer o Numancia a sete citas do final.

O Pontevedra CF escolleu o momento perfecto para asestar o seu golpe máis firme da tempada. A sete xornadas do final, o equipo de Yago Iglesias superou por 1-0 ao Numancia en Pasarón, nun partido cheo de tensión, entrega e significado. Non era un encontro calquera, senón o enfrontamento directo entre os dous aspirantes ao ascenso directo, e os granates responderon coa súa mellor versión competitiva.

O único gol do partido chegou no primeiro tempo, tras unha acción ben trenzada que culminou Dalisson. O dianteiro aproveitou un desmarque ás costas da defensa para abrir o marcador e dar enerxía ás bancadas, que rexistraron a mellor entrada da tempada. A partir de aí, o Pontevedra soubo adaptarse ao que esixía o partido: control nos momentos de calma, intensidade nos duelos e rigor defensivo ante os intentos dun Numancia que, obrigado

polo marcador, foi asumindo máis riscos.

A presión era máxima, mais os granates mantiveron a compostura. Os últimos minutos foron de pura supervivencia, con moita tensión no campo e nos bancos, pero tamén cun equipo que demostrou ter carácter competitivo e madurez. A imaxe que deixou o Pontevedra foi a dun candidato serio, capaz de gañar tamén cando o contexto é extremo e a esixencia absoluta.

O resultado deixou nesas intres aos de Yago Iglesias con catro puntos de vantaxe sobre o cadro soriano e consolidounos como líderes destacados do grupo 1. Máis alá da clasificación, foi un triunfo simbólico: por momento, por rival, por escenario. Un deses partidos que valen máis do que se suma na táboa. Un deses partidos que impulsan un ascenso. O día que o Pontevedra marcou o camiño.

En la carretera o en el campo, siempre juntos.

Kia Blendio Rias Motor con el Pontevedra FC.



Rias Motor



Descubre la gama Kia en Blendio

Kia Blendio Rias Motor.

Aldea Cabanas 26, 36143 Pontevedra · 986 934 493 · blendio.es



A GRAN FESTA CHEGOU ANTE O LAREDO NA XORNADA 32

O ascenso fíxose realidade, tras superar os de Yago Iglesias ao conxunto cántabro no estadio de Pasarón.

O ascenso estaba ao alcance da man, e o Pontevedra CF non fallou. No escenario ideal, diante da súa xente, e cun estadio de Pasarón que rozaba o cheo, o equipo de Yago Iglesias selou matematicamente o regreso á Primeira Federación. Fíxoo cun triunfo por 4-2 ante o Laredo, un resultado que devolve ao club granate ao fútbol semiprofesional tan só dúas tempadas despois do seu último descenso.

O encontro tivo todos os ingredientes dunha xornada histórica. Os granates sabían que con sumar os tres puntos sería suficiente, independentemente do que fíxese o Numancia. E, aínda que o guión non foi tan plácido como podería parecer, o desenlace foi o soñado. O primeiro golpe chegou cedo: apenas no minuto 5, Álex González adiantaba ao Pontevedra tras un servizo preciso de Brais Abelenda.

O Laredo, xa descendido, empatou pouco despois, pero o equipo da Boa Vila mostrou madurez e serenidade. Non perdeu o control nin a fe, e seguiu dominando ata atopar o segundo nunha xogada combinativa que culmi-

nou Yelko con calidade. A festa comezaba a escalar co terceiro, un autogol provocado por un centro de Héctor. O 3-1 ao descanso deixaba o camiño despechado, aínda que o Laredo non se deu por vencido e recurrou de novo. Pasaron uns minutos de incerteza, con Pasarón contido, consciente de que un gol visitante máis obrigaría a volver mirar cara atrás. Pero o equipo respondeu con tranquilidade, sosténdose e buscando a ocasión que rematase o traballo. Chegou no tramo final, cando Igor Irazu, nun xesto máis de fe que de ortodoxia, fixo o 4-2 definitivo tras un centro de Samu Mayo. A partir de aí, só quedaba deixarse levar polo entusiasmo.

O Pontevedra CF asinaba así o ascenso como campión do Grupo I de Segunda RFEF. Un éxito construído desde a regularidade, desde a fortaleza de Pasarón —onde só cedeu cinco puntos en toda a tempada— e tamén desde a firmeza a domicilio. Co vestiario entregado, a bancada desbordada de emoción e a directiva orgullosa, o club granate culminou unha campaña memorable. O Pontevedra está de volta. E fíxoo ao grande.

GLASSDRIVE®
AUTOLUNAS

CRISTALERÍA DEL AUTOMÓVIL

PONTEVEDRA - VILAGARCÍA
SANXENXO - MARÍN

SERVICIO DE URGENCIAS

689 542 896
629 761 204



COLOCACIÓN Y REPARACIÓN DE CRISTALES DEL AUTOMÓVIL

SUSTITUCIÓN Y REPARACIÓN A DOMICILIO

INSTALACIÓN DE LÁMINAS DE PROTECCIÓN SOLAR

RECUPERACIÓN INTEGRAL DE FAROS

CONCERTADO CON TODAS LAS ASEGURADORAS

PONTEVEDRA

Avda. de Lugo, 12

☎ 986 862 546

VILAGARCÍA DE AROUSA

Las Carolinas, 33 bajo

☎ 986 565 010

SANXENXO

Avda. Luis Rocafort, 40

☎ 986 724 461

MARÍN

Ezequiel Massoni, 40

☎ 986 839 857

autolunaspontevedra@gmail.com



UN ASCENSO CON HONORES: O EQUIPO FOI RECIBIDO POLAS INSTITUCIÓN

Xunta, Deputación e Concello recoñeceron o éxito da entidade granate nunha xornada carga de simbolismo.

O ascenso do Pontevedra CF a Primeira Federación non só foi celebrado polos seus seareiros e pola cidade de Lérez. O club granate recibiu tamén, o luns 21 de abril, o recoñecemento oficial das principais institucións galegas, nunha xornada que destacou polo ton solemne, institucional e cheo de agradecementos ao labor dun equipo que volve á categoría que lle corresponde por historia e ambición.

A Xunta destaca o valor do club como emblema galego

A xira institucional comezou en Santiago de Compostela. No emblemático Pazo de Raxoi, o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, recibiu ao cadro de xogadores, ao corpo técnico e á directiva encabezada por Lupe Murillo. Acompañado polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, o mandatario autonómico felicitou ao club polo título e subliñou que “o ascenso do Pontevedra é un orgullo para toda Galicia”. Rueda tamén quixo destacar o traballo serio do equipo e pediu “sentidiño” para afrontar con estabilidade e madurez o novo reto deportivo que se avexia.

A Deputación entregou unha placa conmemorativa

Pouco despois, a comitiva desprazouse á Deputación de Pontevedra, onde foron recibidos polo seu presidente, Luis López. Alí entregóuselle ao club unha placa conmemorativa en sinal de recoñecemento institucional, e des-

tacouse non só o éxito deportivo, senón tamén a xestión exemplar dunha entidade que representa valores de compromiso, identidade e estabilidade. A presidenta do club, Lupe Murillo, agradeceu os apoios e reivindicou o traballo realizado ao longo dos últimos anos para devolver ao Pontevedra ao lugar que merece.

A cidade celebrou na Praza de España

A xornada concluíu co acto máis emotivo: a recepción no Concello de Pontevedra. O equipo foi recibido no consistorio pola corporación municipal e saudou dende o balcón da Casa Consistorial á multitude de afeccionados que enchía a Praza de España. O ambiente foi de festa, cunha cidade enteira entregada ao seu club, nunha celebración que uniu institucións e cidadanía arredor dun logro común.

Un símbolo de identidade e orgullo

Este recoñecemento institucional simboliza moi ben o que representa o Pontevedra: un emblema para a súa cidade, unha referencia para o deporte galego e un exemplo de traballo serio e moi ben feito dende fai xa bastantes anos. O club granate afronta agora o reto de consolidarse en Primeira Federación, pero faino coa forza dun ascenso que foi recoñecido totalmente como un éxito de país.

SOLUCIONES GRÁFICAS

La primera impresión es la que cuenta



IMPRESIÓN DIGITAL



VINILO CORTE Y DECORATIVOS



PEGATINAS Y ETIQUETAS



CRISTALES Y ESCAPARATES

Rótulos Gulin
986 842 565 - 650 686 002
contacto@rotulosgulin.com
C/ Rafael Dieste 11
36004 Pontevedra
www.rotulosgulin.com



CORPÓREOS Y BANDEROLAS



CORTE LÁSER



CARTELERÍA Y LONAS



PLACAS Y SEÑALÉTICA

O SOÑO GRANATE: O PONTEVEDRA FOI A REVELACIÓN DA COPA DO REI

Eliminou a equipos de Primeira, chegou aos oitavos de final e gañou o respecto de todo o fútbol español.

Na tempada 2024/25, o Pontevedra CF asinou unha das xestas máis recoñecidas da Copa do Rei. Sen complexos e con fútbol de quilates, o equipo granate converteuse na gran revelación do torneo tras eliminar rivais de superior categoría e instalarse nos oitavos de final con autoridade, paixón e identidade. Nun país afeito a sorprenderse coas fazañas dos modestos, o conxunto galego escribiu unha páxina imborrable que lle valeu o recoñecemento de toda España.

Un inicio contundente ante o Levante

O camiño arrincou cun aviso serio ao resto de participantes. En Pasarón, o Pontevedra superou con claridade ao Levante UD, equipo de Segunda División, por un rotundo 4-1. Os goles de Héctor Hernández, Javi Fontán, Chiqui e Yelko Pino selaron unha noite de ilusión que non sería flor dun día. A solidez defensiva e a intensidade marcaron xa desde entón o ton dunha Copa que ía quedar marcada polos éxitos granates.

O Villarreal caeu en Pasarón

Na segunda rolda chegou a proeza: o Villarreal CF, club de Primeira División, caeu por 1-0 ante un Pontevedra sen medo, que xogou de ti a ti a un dos grandes do fútbol estatal. O brasileiro Dalisson, cun gol no minuto 87, fixo estoupar Pasarón e selou unha das vitorias máis celebradas da historia recente do club. A prensa nacional comezou a fixarse no Pontevedra, xa sinalado como un dos mataxigantes da edición.

Goleada histórica ao Mallorca

O delirio chegou nos dezaseisavos. Enfrontados ao RCD Mallorca, vixente subcampión da Copa do Rei, os granates asinaron unha noite perfecta: 3-0, con tantos de Dalisson, Yelko e Rufo. O resultado non deixaba lugar a dúbidas: o Pontevedra non estaba só soñando, estaba competindo ao máximo nivel. O fútbol combinativo, vertical e intenso do equipo dirixido por Yago Iglesias fixo tremer os cimentos dun rival de Primeira que non puido reaccionar ante o vendaval galego.



Orgullo e identidade

A andaina do Pontevedra rematou nos oitavos de final, tras caer por 0-1 ante o Getafe, pero a historia xa estaba escrita. O equipo mostrou carácter, fútbol e compromiso. Cada partido en Pasarón foi unha celebración do que significa ser un club con alma, con masa social e cun proxecto deportivo sólido. Lonxe de ser unha sorpresa illada, o éxito na Copa foi o reflexo dun traballo ben feito.



Rastrigüedades

Los Juncasles



GRANDES REBAJAS EN EL RASTRO
LOS JUNCALLES DEL 40/50/60%
A PARTIR DEL 2 DE JUNIO

Desde antigüedades hasta una gran variedad de artículos de decoración espejos, porcelanas, relojes varios, cadenas musicales, vinilos, y un poco de todo:

Horarios de 9.30 a 1.30 y de 4.30 a 8.30 de lunes a viernes y los sábados de 10.00 a 15.30 y de 5.00 a 8.30

Rúa Estación, 16 B - 36003 PONTEVEDRA (A 200m. de la Estación de Autobuses)
Tel: 986 844 683 • M: 608 974 216 • juncals@hotmail.es

- ✓ MILES DE LIBROS
- ✓ HERRAMIENTAS
- ✓ LÁMPARAS
- ✓ MONEDAS, ETC...






LUPE MURILLO: UNHA PRESIDENTA DE RÉCORD

Leva once anos liderando o renacemento deportivo, social e institucional do club granate.

No mundo do fútbol, onde os cargos duran o que dura unha racha de resultados, Lupe Murillo representa unha excepción firme, estable e transformadora. Desde a súa chegada á presidencia do Pontevedra CF en xullo de 2014, converteuse na figura máis duradeira ao mando do club na súa longa historia, achegándose xa aos once anos de mandato continuado. Ningún outro presidente da entidade granate, fundada en 1941, estivo tanto tempo no posto. Pero o seu legado vai moito máis alá do dato estatístico: Murillo é a cara visible da modernización, profesionalización e renacemento do Pontevedra CF.

A primeira muller presidenta

Licenciada en Dereito e directora xeral de Conservas Pescamar, Murillo accedeu á presidencia tras a dimisión de José Manuel Fernández, nun momento delicado: o equipo militaba en Terceira División e o club atravesaba dificultades económicas e sociais. Fíxoo coa condición expresa de non ser un “florero”. Desde entón, transformou por completo o rumbo da entidade. Foi a primeira muller en presidir o Pontevedra CF e unha das poucas en ocupar ese cargo no fútbol estatal. Desde o primeiro momento amosou un liderado firme, pragmático e profundamente vinculado á cidade. O seu traballo, ademais, estivo sempre acompañado por un equipo directivo estábel e profesionalizado, algo pouco común no fútbol de categorías non profesionais.

Ascensos, xestión e identidade

Pouco despois da súa chegada, o Pontevedra regresou a Segunda B. A partir de aí, consolidouse como un dos equipos galegos de referencia, chegando a competir en Primeira Federación e asinando actuacións históricas na Copa do Rei, como a desta tempada 2024/25, na que chegou aos oitavos de final. Durante a súa presidencia, o número de socios pasou de 1.400 a máis de 2.800, cun claro rexuvenecemento da masa social. O club multiplicou os seus ingresos, saneou contas e aumentou o seu valor patrimonial de maneira espectacular. Todo isto sen renunciar á súa esencia: apostar por xogadores galegos, manter un forte vínculo coa cidade e co estadio de Pasarón, e seguir sendo un símbolo da identidade deportiva de Pontevedra.

Un modelo lonxe da improvisación

A continuidade de Lupe Murillo rompe co habitual no fútbol. Sen estridencias nin promesas baleiras, construíu un modelo sostido, baseado na estabilidade institucional e na planificación. O Pontevedra medrou en estrutura, en capacidade de xestión e en ambición, sen perder nunca o seu carácter. Lupe Murillo non é só a presidenta máis lonxe da historia do Pontevedra CF. É, tamén, a dirixente que lle devolveu ao club o respecto perdido, que o fixo competitivo en todos os eidos e que demostrou que o fútbol tamén se pode liderar con rigor, con visión e con paixón.



Instalaciones eléctricas en general. Obra nueva y reformas, calefacción eléctrica de calor azul, gestión de boletines electrónicos, telefonillos/videoporteros, mantenimiento de comunidades... Asesor energético y ahorro en factura de la luz.



Pazos, 40 | Marcón
36158 Pontevedra

M. 655 23 45 76

juanmjusto@hotmail.com



YAGO IGLESIAS, UN NOVO ÉXITO SEN RENUNCIAR A UNHA FILOSOFÍA PURISTA

O de Palmeira levou ao Pontevedra CF ao ascenso combinando identidade, valentía e fútbol asociativo.

O fútbol, nalgúns casos, aínda premia a coherencia. E o Pontevedra CF é hoxe un bo exemplo diso. Ao fronte do banco granate, Yago Iglesias volveu demostrar que se pode gañar sendo fiel a unha idea, cun estilo definido e sen desviarse do camiño. O técnico de Palmeira (Ribeira), asinou un novo éxito coa súa recente tempada no conxunto de Pasarón, culminada co ascenso a Primeira Federación e cunha participación histórica na Copa do Rei. E fíxoo sendo, unha vez máis, o que sempre foi: un adestrador que entende o xogo desde a construción, a orde e a identidade.

Perfil firme e coherente

Yago Iglesias leva anos reivindicándose no fútbol galego como un dos técnicos máis sólidos e con personalidade do panorama estatal. Xa deixara unha pegada inesquecible na SD Compostela, club co que acadou o ascenso a Segunda B cun fútbol atractivo e recoñecible. Logo dunha etapa breve no Zamora, chegou a Pasarón co reto de devolver ao Pontevedra CF ao lugar que lle corresponde. E non tardou: en dous cursos, devolveuno á Primeira Federación e fíxoo con autoridade, estabilidade e un discurso crible.

Fútbol co balón e sen concesións

O que distingue a Yago Iglesias non é só o resultado, senón o camiño para alcanzalo. O Pontevedra desta tempada xogou, e xogou ben. Apostou por saídas de balón limpas, por xogadores de perfil técnico, por asociacións constantes en campo contrario e por un plan de partido que non variaba por medo, senón que se adaptaba con intelixencia. O éxito non chegou por casualidade: detrás houbo traballo táctico, cohesión no vestiario e un corpo

técnico que compartiu visión e método.

Na Copa do Rei, o equipo foi a revelación do torneo: eliminou con brillantez ao Levante, ao Villarreal e ao Mallorca, tres equipos de categoría superior, sen renunciar nunca ao seu estilo. O Pontevedra de Yago non se encerrou, non especulou: competiu desde a proposta, sen importar o nome do rival.

Un proxecto con sentido

A relación entre o club e o técnico encaixou desde o primeiro día. A estabilidade institucional que ofrece a presidencia de Lupe Murillo, a aposta por xogadores galegos, o peso de Pasarón e a implicación da afección foron o caldo de cultivo perfecto para que Iglesias puidese desenvolver o seu traballo cun marco de confianza e ambición. O equipo funcionou como grupo e evolucionou colectivamente. Houbo madurez competitiva, xestión de partidos, liderado silencioso e un compromiso que se viu en cada xornada.

Un nome con presente e futuro

O ascenso co Pontevedra CF non é un fito illado na traxectoria de Yago Iglesias, senón un paso máis nunha carreira que vai a máis. Cunha filosofía purista —baseada no respecto polo xogo, o dominio posicional e o sentido colectivo—, o adestrador de Palmeira consolidouse como un dos grandes valores tamén a nivel nacional. E medra sen ruído, sen artificios, coa serenidade dos que saben que hai ideas que, ben executadas, tamén poden levar ao éxito. Pasarón volve mirar cara arriba. E faino da man dun técnico que non precisou traizoarse para triunfar. Yago merece dirixir nunha LFP e oxalá sexa na cidade do Lérez.



Especialidad en carnes de Rubia gallega y carne de Wagyu, chuleton de Buey gallego, Croca de vaca premium y churrasco.

Cocina casera servida y elaborada con mucho mimo y producto de primera calidad.

"En pleno centro de Pontevedra, a 100 m del concello con gran parking justo al lado"

Rúa dos Ferreiros, 17 - 36002 Pontevedra 986 857 832 • restaurantemaky@gmail.com



DALISSON DE ALMEIDA, TALENTO BRASILEIRO CON DESTINO Á LFP

Peza clave no ascenso do Pontevedra, o atacante dará o salto á Segunda División coa camiseta do Córdoba.

Dalisson de Almeida é desas historias que definen o fútbol de categorías intermedias: xogadores que chegan sen facer ruído, brillan cunha camiseta histórica e acaban conquistando o soño profesional. O atacante brasileiro foi unha das grandes sensacións da tempada no Pontevedra CF, determinante no ascenso a Primeira Federación, e agora dá o salto á Segunda División da man do Córdoba CF. Con tan só dous anos en Pasarón, deixou unha pegada fonda. Con 25 anos, alcanza a LFP procedente directamente da Segunda Federación, un salto que só está ao alcance de futbolistas diferentes.

Unha fichaxe brillante

Chegou libre desde o filial do Racing de Santander, sen cartel pero con condicións. O Pontevedra viu nel unha oportunidade e non se equivocou: Dalisson xogou este curso 28 partidos de liga e anotou 11 goles, ademais de disputar 4 encontros de Copa do Rei, nos que marcou 2 tantos. Foi un xogador clave tanto na regularidade do campionato como nas noites grandes. Versátil, desequilibrante e técnico, achegou gol, asistencia e presenza constante no ataque granate.

Polivalencia ofensiva e visión de xogo

Un dos grandes valores de Dalisson é a súa capacidade para adaptarse a distintas posicións: pode actuar de mediapunta, falso nove, extremo ou mesmo como volante ofensivo. Nun Pontevedra con vocación asociativa e fútbol combinativo, o brasileiro encaixou á perfección. Ofreceu ruptura e pausa, aparición entre liñas, golpeo de calidade e lectura táctica. Yago Iglesias confiou nel como peza de manobra ofensiva en múltiples esquemas.

Un gol que valeu unha liga

A súa tempada non foi perfecta: unha lesión mantívoo fóra durante aproximadamente un mes. Pero regresou no momento preciso. No partido decisivo ante o Numancia, co ascenso en xogo, Dalisson asinou o gol do triunfo. O gol dunha tempada. A xogada que abriu de par en par o regreso do Pontevedra á Primeira Federación e que consolidou o seu nome na historia recente do club.

Calidade contrastada, reto físico

Dalisson ten moitas das virtudes que se lle esixen a un xogador de ataque moderno: control, visión, capacidade de asociación e pegada. A única incógnita no seu salto á Segunda División pode residir na súa capacidade física para manter o ritmo nunha liga tan esixente como a profesional. Pero talento e determinación ten abondo.

A historia repítese unha década despois

O salto de Dalisson ao Córdoba ten un aire de déjà vu para os afeccionados granates. Hai dez anos, o club andaluz xa pescara en Pasarón. Daquela foi Charles, outro brasileiro que pasou de ser ídolo en Pontevedra a destacar no fútbol profesional. Agora é Dalisson quen segue ese camiño. A historia rima.

Pasaron só dous anos desde a súa chegada, pero foron suficientes para deixar pegada. Dalisson marcha de Pasarón cun ascenso no peto, goles decisivos e o recoñecemento dunha afección que soubo ver nel algo diferente. Agora, comeza para el unha nova etapa. A do fútbol profesional. A da LFP.

BAR PITILLO

En El Pitillo podrás disfrutar de una amplia carta de desayunos y tapas, además de disfrutar de los pinchos con cada consumición.

📍 Alta, 3 - 36002 - Pontevedra (Pontevedra)

BAR PITILLO

DESAYUNOS
Y
TAPAS

☎ 665 311 332





EDU SOUSA, REFLEXOS DE ÉLITE E CORAZÓN GRANATE

Volveu a Pasarón para ascender e cumpriu. Falamos dun meta de nivel superior e un referente no vestiario.

No fútbol, como na vida, ás veces hai que volver ao lugar onde un foi feliz. Edu Sousa regresou a Pasarón en 2023 cunha promesa silenciosa: devolver ao Pontevedra CF á Primeira Federación. Non era só unha ilusión; era un obxectivo real, trazado desde a experiencia, a ambición e a confianza nun proxecto sólido. Dous anos despois, o ascenso xa é unha realidade e Edu foi unha peza capital para conseguilo.

Unha historia de ida e volta

Formado na prolífica canteira do Areosa, Edu Sousa pasou polos viveiros do RC Celta, do Atlético de Madrid e do Deportivo da Coruña, sendo neste último club onde máis destacou como xogador de base. No Fabril demostrou o seu nivel e proxección, o que o levou a dar o salto a un Pontevedra no que viviría unha longa primeira etapa: de 2012 a 2020, foi gardameta granate con rendemento notable e personalidade firme.

Logo pasou polo Talavera (2 tempadas) e tivo unha breve estadía no Deportivo da Coruña antes de volver á casa granate en 2023. O regreso non foi un movemento simbólico: foi unha aposta deportiva seria. O club quería volver á Primeira Federación, e Edu era a seguridade baixo paus que precisaba.

Un ano case perfecto

Nesta tempada 2024/25, Sousa disputou 32 partidos de liga e encaixou só 23 goles, cunha media inferior a un tanto por encontro. Unha cifra que fala do seu nivel, pero tamén da súa influencia no rendemento colectivo. Sempre ben colocado, sempre seguro, sempre competitivo. Foi moi fiable durante

toda a campaña.

A súa calidade está fóra de toda dúbida: é un gardameta técnico, áxil, con reflexos felinos, capacidade de lectura e unha frialdade que transmite confianza a todo o bloque defensivo. Ten ese algo especial que non se adestra: o instinto do porteiro nato.

Un porteiro para categoría superior

A pesar de medir 1,81 m, Edu impón desde o posicionamento, os reflexos e o carácter. Non sería esaxerado dicir que, de contar cun pouco máis de envergadura, estaríamos a falar dun porteiro de Primeira División. Por estilo, por actitude e incluso por físico, lembra a Paco Buyo, tanto polo seu perfil como pola súa mentalidade: sempre preparado, sempre decidido, sempre resolutivo.

Presente granate, futuro en Primeira RFEF

A día de hoxe, todo apunta a que Edu Sousa seguirá defendendo a portería do Pontevedra CF na Primeira Federación. Un premio merecido para un xogador que aposta polo club non só como destino profesional, senón tamén como parte do seu percorrido vital. Volveu para subir, e subiu. Foi protagonista e deixou claro que está moi por riba do nivel da Segunda Federación. Agora, nunha categoría máis acorde co seu talento, terá a oportunidade de seguir demostrando que é un deses gardametas que marcan época nos clubs con alma. Como o Pontevedra. Como Pasarón. Como a Cidade do Lérez. Como Edu Sousa.

CLÍNICA DENTAL
VAL MIÑOR

RX PANORÁMICA
CÁMARA INTRAORAL
PERIODONCIA
ODONTOPEDIATRÍA
ENDODONCIA

ESTÉTICA DENTAL
IMPLANTOLÓGÍA
ORTODONCIA
CIRURÍA

Avda. Val Miñor, 14 - 36350 Nigrán (Pontevedra)
T. 986 36 80 20 - M. 604 00 88 58 - clinicadentalvalminor@gmail.com



ÁLEX GONZÁLEZ, O CAPITÁN INCANSABLE DUN ASCENSO INCONTESTABLE

Participación total, goles, asistencias e liderado para devolver ao Pontevedra CF á Primeira Federación.

Hai xogadores que non precisan grandes titulares para ser imprescindibles. Álex González é un deles. Capitán do Pontevedra CF, referente do vestuario e símbolo dunha maneira de entender o fútbol e o club, volveu ser peza clave na tempada do regreso á Primeira Federación. Cun rendemento constante, entrega absoluta e compromiso indiscutible, selou unha campaña que o consolida como unha das figuras máis importantes do equipo.

Presenza total: sempre dispoñible, sempre rendendo

Na tempada 2024/25, Álex González participou en todos os partidos de liga, a maioría como titular, demostrando unha regularidade que está ao alcance de moi poucos xogadores. Non só estivo, senón que tivo influencia directa: marcou 7 goles e deu 2 asistencias, cifras notables para un futbolista que alterna posicións ofensivas e de contención, adaptándose ás necesidades do equipo.

A súa capacidade para aparecer nos momentos decisivos, para sumar desde o esforzo silencioso e para ofrecer opcións desde diferentes posicións foi unha das claves do éxito colectivo. É deses futbolistas que fan mellores aos que o rodean.

Compromiso e exemplo

Chegado a Pasarón en 2016, o cántabro leva nove tempadas defendendo a camiseta granate. Foi testemuña de ascensos, descensos, campañas compli-

cadadas e outras memorables. E en todas estivo aí, con presenza constante e fidelidade absoluta ao escudo. A súa figura representa estabilidade, experiencia e sentido colectivo.

Dentro do vestuario é voz autorizada, exemplo no traballo diario e punto de unión entre xeracións. Fóra del, a afección reconece como un dos seus: por entrega, por identidade e por mérito acumulado.

Un ascenso tamén seu

O retorno á Primeira Federación non se entende sen xogadores como Álex González. Mentres algúns futbolistas destacan nos grandes partidos, el destaca na suma diaria, no mantemento da intensidade cada semana, na constancia que constrúe proxectos sólidos. Foi un ascenso do grupo, si, pero tamén un ascenso do capitán.

Lonxe da estatística, preto da historia

Con máis de 300 partidos disputados co Pontevedra CF, o seu nome xa forma parte da historia do club. E aínda así, segue sumando. Cada tempada engade novas razóns para consideralo unha das lendas recentes da entidade. A súa influencia vai máis alá do que din os números. Porque Álex González é ese tipo de xogador que dá sentido ao fútbol de pertenza.

O Pontevedra subiu, e fíxoo cun líder silencioso ao fronte. Un capitán que non falla. Un capitán que xa é historia viva de Pasarón.

Neumáticos Valicar
Servicio de Neumáticos y Mecánica Rápida

RESERVA UNA CITA CON NOSOTROS O SOLICITA PRESUPUESTO SIN COMPROMISO. 633 825 217 886 250 021
www.neumaticosvalicar.es
Lugar a Ermida, 9, Marcón, Pontevedra.

Excavaciones y desbroces
SALCEDO

630 50 64 55



RUFO, O ETERNO DIANTEIRO QUE ASCENDEU CUN CLUB NO CORAZÓN

Con 38 anos, segue facendo historia en Pasarón mentres agarda por un último baile na Primeira Federación.

Non todos os heroes levan capa. Algúns levan o dorsal 9, botas gastadas e unha confianza que só dá o tempo. Rufo Sánchez volveu ser fundamental no Pontevedra CF. Con 38 anos, o veterán dianteiro protagonizou unha tempada exemplar, poñendo oficio, entrega e sete goles clave para asinar un novo ascenso á Primeira Federación.

Foi titular en máis da metade dos 32 partidos que disputou, nun curso no que só se perdeu dous de liga. E, coma sempre, estivo onde o equipo máis o precisaba: en zona de remate, nos momentos tensos, na área e no vestiario.

Un dianteiro que deixa pegada

Chegou a Pasarón no mercado de inverno da 2019/20 e, desde entón, foi sumando tempadas, esforzos e momentos decisivos. A súa adaptación foi inmediata, e o seu compromiso nunca se puxo en dúbida. Gañouse o respecto de, tanto dentro como fóra do campo. Rufo non é un xogador calquera. É deses que representan o que significa formar parte dun equipo con alma. Cun estilo discreto, pero efectivo, leva anos achegando goles e estabilidade.

Sete goles que contaron

Os seus sete tantos nesta tempada 2024/25 tiveron valor real. Non se limita-

ron a adornar resultados: desequilibraron partidos, desbloquearon situacións e achegaron puntos que acabaron sendo ouro. Non é casualidade. É experiencia, colocación, sangue fría e saber competir.

Última páxina... ou penúltima?

É inevitable pensar no futuro cando se fala de Rufo. Con 38 anos, todo apunta a que o final da súa carreira está preto. Pero o seu rendemento nesta campaña demostra que a historia aínda podería ter un epílogo en Primeira Federación. A afección de Pasarón, que o viu crecer no club ata facelo propio, soñaría con velo unha última tempada máis, celebrando goles, levantando a man cara a bancada e liderando co exemplo.

Un futbolista de club

Rufo forma parte xa do imaxinario do Pontevedra CF. É historia viva, é memoria recente e é símbolo de compromiso, sacrificio e máxima humildade. Se marcha, farao como o que é: un dianteiro inesquecible que deixou o equipo onde merece estar. Se continúa, será porque aínda queda algo máis por escribir nesas derradeiras páxinas do libro da súa fantástica traxectoria deportiva.



Cafetería
Orange
Desde 2006

Productos de primera calidad.
Desayunos, pepitos, hamburguesas,
platos combinados, sandwiches.

Padre Amoedo Carballo, 8 • 36002 Pontevedra (PONTEVEDRA) • T 986 845 428



BENJAMÍN GARAY, SOLVENCIA ARXENTINA NO CORAZÓN DA ZAGA

Xogou 33 partidos, anotou 2 goles, repartiu 1 asistencia, e mostrou autoridade máxima na defensa.

No Pontevedra CF 2024/25 houbo moito talento ofensivo, veteranos decisivos e xente da casa con alma. Pero no centro da defensa, na liña de seguridade que todo equipo que aspira a subir precisa, destacou un nome por riba do resto: Benjamín Garay. O central arxentino, de 25 anos e 1,83 metros de estatura, foi o xefe da zaga durante toda a tempada. O seu rendemento, regular e sen estridencias, foi un dos piares sobre os que se construíu o regreso granate á Primeira Federación.

Rendemento ao servizo do colectivo

Garay disputou 33 partidos de liga, case todos como titular, e achegou ademais 2 goles e 1 asistencia, unha achega notable para un defensa central. Pero os seus números non contan toda a historia: foron a súa colocación, a súa lectura táctica e a súa capacidade para impoñerse no xogo aéreo os factores que lle deron equilibrio ao once de Yago Iglesias.

En moitos encontros, especialmente fóra da casa ou en partidos de marcador curto, a súa presenza foi clave para pechar portas e manter a orde. Sen el, o sistema defensivo non funcionaba do mesmo xeito.

Un percorrido sólido no fútbol español

Natural de Arxentina e irmán de Ezequiel Garay —ex central do Real Madrid e do Valencia CF, ademais de internacional coa albiceleste—, Benjamín construíu a súa carreira en silencio polos campos da Segunda B e filiais profesionais: Real Madrid Castilla, Unionistas de Salamanca, UD Melilla, Zamora CF, Mérida AD e RCD Mallorca B, antes de chegar ao Pontevedra no verán do ano 2023.

Desde a súa chegada, encaixou á perfección na estrutura granate. Non lle fixo falta adaptación: desde a pretempada xa apuntaba a titular e cumpriu coas expectativas. En Pasarón valorouse especialmente o seu carácter competitivo e a súa estabilidade no día a día.

Presente asegurado, futuro por escribir

Con só 25 anos, Garay está lonxe de tocar teito. Ten experiencia, bagaxe e marxe de mellora. A súa continuidade en Primeira Federación semella lóxica e necesaria. Nun equipo con aspiracións, un perfil como o seu é imprescindible: rende sempre, non se complica e compite cada semana.

No vestiario do Pontevedra, soubo gañar respecto e confianza. Fóra, a afición reconece a súa importancia, aínda sen un perfil mediático. Porque os centrais non sempre abren telexornais, pero si manteñen vivos os proxectos. Benjamín Garay foi fundamental no ascenso. E todo apunta a que tamén será clave no que está por vir.

SAMU MAYO, O EQUILIBRIO GRANATE NO ANO DO REGRESO

O mediocentro leonés completou unha tempada brillante, fundamental en liga e revelación na Copa do Rei.

Pasou en silencio ao principio, case sen facer ruído. Pero ao final da tempada, o nome de Samu Mayo estaba na boca de todos os que seguiron de preto o ascenso do Pontevedra CF. Cun fútbol discreto, elegante e funcional, converteuse nun dos piares do equipo granate, tanto en liga como na Copa do Rei. Un mediocentro que non chama a atención polos xestos, senón polas decisións que toma en cada xogada.

Aos 24 anos, Samu Mayo confirmou que está chamado a ser un dos grandes organizadores do fútbol galego. E fixo méritos abondo para que a Primeira Federación non sexa o seu teito.

Presenza, talento e lectura de xogo

Na tempada 2024/25, disputou 32 partidos de liga, sendo titular no 76% deles. Anotou tres goles, pero a súa achega foi moito máis ampla: claridade na saída de balón, control dos ritmos, cobertura defensiva e autoridade táctica nun rol que exige cabeza fría e visión de xogo.

No sistema de Yago, foi o mediador entre a defensa e o ataque. Un mediocentro que nunca se apura, que sabe cando acelerar e cando pausar. O tipo de xogador que sostén a estrutura do equipo sen que moitas veces se note.

Un nome propio na Copa do Rei

Se a súa liga foi sólida, a súa actuación na Copa do Rei foi brillante. Samu Mayo foi titular nos catro partidos da competición, todos eles diante de rivais de categoría superior. O Pontevedra eliminou o Levante, o Villarreal e o Mallorca, e en todos eses duelos, Mayo foi determinante na medular.

No torneo, o seu perfil destacou a nivel estatal: futbolista técnico, con lectura táctica e capacidade para manter a calma nos escenarios máis esixentes.

Presente fiable, futuro aberto

Con contrato ata o 30 de xuño, e xa consolidado como un nome fixo no once granate, Samu Mayo é unha das mellores novas que deixou o curso. Cunha idade perfecta para seguir medrando, e co talento que xa demostrou ter, o seu futuro apunta alto. No club buscan renovalo, pois saben que teñen un diamante sobre o que construír. Non se necesita moito ruído cando o que se ofrece é intelixencia, precisión e compromiso.





O DESBORDE DE CHIQUI IMPULSOU AO PONTEVEDRA CF

O extremo foi peza clave no ascenso granate, logo de xogar 30 partidos, anotar 4 goles e repartir 3 asistencias.

Óscar Castellano Zamora, máis coñecido como Chiqui, leva anos marcando diferenzas desde a banda esquerda. O seu desborde, a súa visión ofensiva e a súa capacidade para xerar perigo fixeron del un xogador clave alí por onde pasou, pero foi en Pasarón onde alcanzou a súa madurez futbolística. Nesta tempada 2024/25 volveu deixar pegada, sendo unha peza fundamental no ascenso do Pontevedra CF a Primeira Federación.

Con 30 partidos disputados na liga, catro goles anotados e outras tantas asistencias, Chiqui foi un martelo desde o costado esquerdo. Sempre dispoñible, sempre incisivo, volveu ser ese futbolista imprevisible que desbloquea partidos. A súa regularidade e compromiso convérteno nun dos extremos máis fiables da categoría.

Ademais do seu papel na liga, tamén tivo unha actuación destacada na Copa do Rei. Participou en tres dos catro partidos dun Pontevedra que volveu soñar en grande, e anotou un gol de mérito ante o Levante UD, equipo da Segunda División, confirmando que o seu talento tamén brilla fronte a rivais de maior entidade.

Formado en equipos galegos con tradición como o Choco, o Arosa SC ou o Coruxo, Chiqui tamén deixou pegada no Marino de Luanco e no filial do Lugo antes de chegar ao Pontevedra. Esa traxectoria deulle un pouso competitivo que hoxe o converte nun dos extremos máis determinantes do fútbol de Segunda RFEF.

Co ascenso consumado, o Pontevedra CF poderá volver contar cun xogador contrastado, desequilibrante e plenamente identificado co proxecto. Chiqui, aos seus 28 anos, segue sendo un deses nomes imprescindibles en calquera análise da categoría. Porque coitelos coma el, capaces de romper liñas e cambiar partidos cunha arrancada, non abundan.

YELKO PINO MARCA A DIFERENCIA EN PASARÓN

O mediapunta vigués, cun fútbol diferencial, foi un dos xogadores máis decisivos da Segunda RFEF.

Yelko Pino (Vigo, 1996) confirmou esta tempada 2024/25 o que moitos levan tempo dicindo: é un xogador que marca a diferenza. O mediapunta do Pontevedra CF completou unha campaña brillante na Segunda Federación, sendo unha peza esencial no esquema granate e un dos grandes responsables do ascenso a Primeira RFEF.

Con 28 anos e unha ampla experiencia ás costas, Pino disputou 32 partidos esta tempada, todos eles como titular salvo un par de excepcións. Sumou catro goles, varios deles decisivos, e fixo gala da súa habitual clarividencia entre liñas, sendo o cerebro ofensivo do equipo en numerosos encontros. A súa capacidade para controlar os tempos, ofrecer liñas de pase e aparecer en zonas quentes con intelixencia situacional está moi por enriba da categoría. Non hai discusión: a Segunda RFEF queda pequena para un xogador co seu perfil. Pino podería competir perfectamente en Segunda División A, ou mesmo aspirar a máis. E non só pola calidade técnica, senón pola madurez coa que agora asume responsabilidades, guía ao grupo e lidera desde o xogo. O club é consciente da súa importancia e, por iso, blindouno ata o 30 de xuño de 2026. Unha aposta firme polo talento galego que leva tempo rendendo a gran nivel e que, en Pasarón, atopou o espazo ideal para despregar todo o seu potencial.

Chegado ao Pontevedra CF no ano 2021, tras unha carreira con pasos por Celta B, CD Lugo, SD Ponferradina ou Cultural Leonesa, entre outros, Pino vive o seu momento máis doce. Con equilibrio, ambición e fútbol nas botas, representa a mellor versión dun conxunto granate que mira cara arriba coa súa batuta.





JESÚS RAMOS: "O OBLXECTIVO É QUE O PRIMEIRO EQUIPO POIDA NUTRIRSE DA NOSA CANTEIRA"

A elite xuvenil continuará sendo unha realidade unha campaña máis para o Pontevedra CF.

Comprometido co crecemento do Pontevedra CF desde a base, Jesús Ramos exerce como coordinador de toda a estrutura formativa do club e adestrador do equipo xuvenil de División de Honra. Nun momento de estabilidade deportiva e de aposta pola identidade granate, Ramos repasa os retos da canteira, a importancia do sentido de pertenza e o traballo que hai detrás dunha das estruturas máis sólidas do fútbol base galego.

—**Jesús, o primeiro: contanos un pouco como está actualmente o fútbol base do Pontevedra CF. Vese que as cousas están indo moi ben, non?**

—Pois si, nós somos unha canteira que ten que verse reflectida no espello do primeiro equipo. O noso obxectivo principal é que os nosos xogadores estean o máis preto posible de competir, de adestrar coa primeira plantilla. Ese é o gran reto.

CRECIMENTO COMPETITIVO E METAS CLARAS

—**E a nivel competitivo?**

—Queremos estar nas categorías máis altas. Levamos tres anos traballando para iso, e este ano creo que imos conseguir que o Xuvenil B volva á Liga Galega, que o Cadete A suba a División de Honra, o Cadete B xa ascendeu a Primeira, o infantil A tamén está na loita por ascender e o infantil B xa logrou subir tamén. En fútbol 8 estamos competindo moi ben, meténdonos nos campionatos galegos. Pero, insisto, o obxectivo principal é achegarnos o máximo posible ao primeiro equipo en todos os aspectos: técnico, táctico, físico e psicolóxico.

—**Tamén é clave o papel do filial...**

—Claro. Hai dous anos conseguimos ascender de Preferente a Terceira Federación. É unha categoría durísima, moi física, con xogadores veteranos e experimentados. O ano pasado tamén ascendemos ao xuvenil á División de Honra, a máxima categoría a nivel estatal. Este ano estamos facéndoos ben, aínda que faltan dúas xornadas e temos que certificar a permanencia. A igualdade nesta liga é enorme: calquera pode gañar en calquera campo.

A IMPORTANCIA DA FORMACIÓN INTEGRAL

—**Que importancia lle das ao oficio nestas idades intermedias entre xuvenís e filial?**

—Moita. O fútbol evoluciona moito, e os xogadores teñen que ser capaces de repetir esforzos con rapidez, transitar continuamente... Hai que ser potentes fisicamente, pero tamén bos a nivel técnico, táctico e, sobre todo, psicolóxico. Buscamos xogadores completos.

—**E en canto ás instalacións, como está a situación?**

—O primeiro equipo xoga en Pasarón e adestra no Manuel Barreiro. Nós, a canteira, adestramos no campo de Xeve, que é municipal pero o usamos como se fose a nosa cidade deportiva. O primeiro equipo tamén adestra alí os sábados. Competimos entre Xeve e Manuel Barreiro.

A BASE DESDE ABAIXO: FÚTBOL 8 E SENTIMENTO DE PERTENZA

—**E nas categorías máis baixas, como afrontades o traballo en fútbol 8?**

—Dámoslle moita importancia. Para moitos nenos é a súa primeira experiencia deportiva. Queremos transmitir valores como compañeirismo, sacrificio, paixón polo deporte. É máis fácil educar a un xogador que entra aos cinco anos que a un que chega con 15, xa con vicios doutros lados. Buscamos que teñan sentido de pertenza, algo clave para nós.

—**Cando comezades a seleccionar máis seriamente?**

—Desde prebenxamíns e benxamíns xa comezamos a seleccionar. Non se trata só de fichar por fichar, senón de acertar co talento e traballalo para que estean connosco o máximo tempo posible.

O FÚTBOL GALEGO, EN BO MOMENTO

—Como ves o momento actual do fútbol galego?

—Moi bo, sobre todo pola calidade dos adestradores. Temos técnicos galegos á fronte de equipos como o Deportivo, o Celta... E tamén moita preparación a través de centros privados ou organismos deportivos. Hai futuro, sen dúbida.

—Incluso exportando talento, como pode ser Javi Rey...

—Si, claro. Xente formada aquí que está facendo cousas importantes fóra. Iso di moito do noso traballo.

UN CLUB CON IDENTIDADE E UNHA AFECCIÓN IMPLICADA

—A afección tamén está moi implicada co fútbol base?

—Si. A nós vénnos ver moita xente aos partidos do xuvenil de División de Honra. E tamén ao filial, aos cadetes, aos infantís... A cidade está enchufada, cada vez hai máis socios, máis apoio. Cando ti dáslle algo á xente, a cidade respóndeches. Iso víuse esta tempada co primeiro equipo.

—Que significa para ti o Pontevedra CF?

—É o club que me deu a oportunidade de dirixir unha canteira importante e de adestrar a nivel semiprofesional en Segunda B. É un club ao que lle debo moito e do que estou orgulloso de formar parte.

—Se tiveses que escoller: coordinar ou adestrar?

—Son máis de adestrar. Gústame o campo, o día a día cos xogadores, aportar ese gran de area directamente no terreo de xogo.

UN EQUIPO COMPETITIVO EN DIVISIÓN DE HONRA

—Falemos do equipo xuvenil desta tempada. Como definirías esta plantilla 2024–2025?

—Temos unha xeración do 2006 que leva moitos anos no club e que nos deu moitas alegrías. Pero para competir en División de Honra hai que reforzarse moito: fichamos case a metade do equipo. Custounos adaptar o modelo de xogo ao principio, pero desde a cuarta xornada estabilizámonos e fomos medrando. Aínda con baixas importantes, o equipo soubo manterse firme e

competir en campos moi complicados.

—E seguen os resultados...

—Si, somos dos equipos que máis puntuou fóra dos cinco grandes. Empatamos moito, pero gañamos sete partidos. Estamos satisfeitos coa evolución.

LOITA POLO TÍTULO ENTRE CELTA E DEPORTIVO

—Como ves a loita polo título entre Depor e Celta?

—Ambos teñen plantillas impresionantes, con moito talento. Non sempre baixan xogadores dos filiais, polo que os partidos son difíciles de analizar. O Celta quizais teña un calendario algo mellor, pero todo pode pasar. Os dous están obrigados a gañar e enfróntanse a rivais que se xogan o descenso. Vai ser apaixoante.

ADRIÁN GÓMEZ, UN DIANTEIRO CON FUTURO

—E vós tamén tedes un nome propio: Adrián Gómez.

—Si, é un xogador do 2007, chegou en setembro e nunca fora dianteiro antes. Fomos traballando con el pouco a pouco e ten moito que mellorar, pero este ano tocou balóns que acabáron en gol. Leva 21 goles en División de Honra. Iso si, hai que manter os pés na terra. Ser pichichi non é nada no mundo do fútbol. O importante é se pode xogar co primeiro equipo ou incluso chegar máis arriba da Primeira Federación.

O APOIO DA AFECCIÓN, CLAVE PARA SEGUIR MEDRANDO

—Para rematar, un mensaxe para a afección.

—O máis bonito para unha afección é ver xogadores da casa, da súa canteira, xogando co primeiro equipo. Iso xera identificación, orgullo, sentido de pertenza. Pero os xogadores teñen que estar preparados: ninguén regala nada. Se traballan, se se esforzan, as oportunidades van chegar. A nosa canteira está viva e precisa do apoio de todos.

(ENTREVISTA REALIZADA A MEDIADOS DO MES DE ABRIL).





A CANTEIRA TAMÉN BRILLA: O XUVENIL A PERMANECE NA DIVISIÓN DE HONRA

A elite xuvenil continuará sendo unha realidade unha campaña máis para o Pontevedra CF.

En División de Honra xuvenil non hai marxe para o erro. E moito menos no grupo 1, onde conviven históricos do fútbol profesional con canteiras humildes que loitan cada fin de semana por seguir pertencendo á elite. Nese contexto, o Pontevedra CF partía este curso 2024/25 co obxectivo claro da permanencia, sabedor da dificultade dunha liga igualadísima entre os chamados “mortais”, é dicir, todos agás os cinco transatlánticos que marcan diferenzas: Deportivo, Celta, Racing de Santander, Sporting e Real Oviedo. Pero o equipo granate non se arredou. Coa humildade como bandeira, pero tamén cunha proposta atrevida, valente e ben traballada por Jesús Ramos, o conxunto pontevedrés acabou acadando o premio. A permanencia chegou na derradeira xornada, cun empate de moito valor ante o Real Oviedo que selou o obxectivo marcado desde o inicio.

Nun grupo tan esixente, o Pontevedra conseguiu brillar pola súa identidade. Foi o quinto equipo máis goleador da competición, unha estatística que fala ben claro do seu modelo de xogo. E moito tivo que ver nese rexistro Adrián Gómez, a gran estrela do equipo e pichichi do grupo 1 con 24 dianas, unha máis que o deportivista Rubén Fernández. Adrián chegou o pasado verán procedente do Arosa SC e converteuse nun nome propio a nivel estatal, seguido por filiais de canteiras profesionais.

Na portería, a dupla formada por Gael e Rodri Méndez garantiu seguridade e solvencia, repartíndose os minutos ao longo dunha tempada longa e intensa. En defensa destacaron nomes como Hugo Taboas, André Delgado e Andrés Fernández, firmes e comprometidos. No centro do campo brillaron Hugo Caride e Diego Chamadoira, dando equilibrio e criterio. E en ataque, xunto a Adrián, tamén deixou boas sensacións Sergio Vila.

O mérito do Pontevedra é dobre: por cumprir o obxectivo e por facelo sen renunciar nin un ápice á súa filosofía. Un equipo coherente, valente e cun adestrador que sabe ben o que é a casa granate. Jesús Ramos demostrou unha vez máis que ten man para formar, competir e gañar. O Pontevedra xuvenil seguirá na elite. E fíxoo sendo fiel a si mesmo.

UNHA PERLA CHAMADA ADRIÁN GÓMEZ, PICHICHI DO GRUPO 1

O dianteiro foi a gran sensación do campionato, logo de ver porta en 24 ocasións na tempada regular.

Poucos xogadores causan tanto impacto no seu primeiro ano. Ese foi o caso de Adrián Gómez, dianteiro do Pontevedra xuvenil que asinou unha tempada inesquecible no seu debut coa camiseta granate. Os seus 24 goles fixérono máximo goleador do grupo 1 de División de Honra e terceiro no cómputo global de toda España, só por detrás de Iker León, xogador da UD Las Palmas e autor de 27 goles, e Aimar Blázquez, dianteiro do Valencia CF, capaz de facer 25 dianas.

Adrián chegou ao Pontevedra o pasado verán procedente do Arosa SC, club no que militara durante dous anos e onde xa deixara sinais evidentes do seu potencial. Pero foi de granate onde explotou definitivamente, combinando instinto, mobilidade e unha pegada demoledora que resultou decisiva para que o equipo de Jesús Ramos acadase a permanencia na derradeira xornada. Antes da súa etapa en Vilagarcía, Adrián formouse durante anos na canteira do Salgueiriños CF, club modesto pero clave na súa traxectoria. Alí deu os primeiros pasos no fútbol-11, desenvolveu o seu perfil atacante e cultivou a paixón que hoxe se traduce en números espectaculares.

A súa tempada non pasou desapercibida. Con 24 goles nun grupo dominado polas canteiras de elite, Adrián situouse no radar de varios filiais do fútbol profesional, atraídos pola súa capacidade rematadora e pola madurez que amosou con apenas 17 anos.

O seu nome xa resoa con forza no panorama estatal. E no Pontevedra saben que teñen entre mans un diamante en plena eclosión. Un xogador que non só fixo historia cun pichichi, senón que deixou unha pegada difícil de borrar na División de Honra.





Plantel 2024/25 - Pontevedra CF

Dorsal	Nome	Posición	Idade	Nacionalidade	Contrato ata
1	Edu Sousa	Porteiro	33	España	2025
13	Manu Vizoso	Porteiro	22	España	2025
5	Mario Gómez	Defensa central	30	España	2025
19	Benjamín Garay	Defensa central	25	Argentina/España	2025
20	Pelayo Suárez	Defensa central	26	España	2025
4	Víctor Vázquez	Defensa central	35	España	2025
3	Igor Irazu	Defensa central	22	España	2025
23	Héctor Hernández	Lateral esquerdo	33	España	2025
27	David Marqués	Lateral esquerdo	20	España	2025
2	Javi Fontán	Lateral dereito	25	España	2025
10	Yelko Pino	Mediocentro	28	España	2026
14	Samu Mayo	Mediocentro	24	España	2025
6	Jesús Cambil	Mediocentro	26	España	2025
18	Dalisson de Almeida	Mediocentro ofensivo	25	España/Brasil	2025
8	Iago Novo	Mediocentro ofensivo	26	España	2025
22	Rareș Mezdrea	Mediocentro ofensivo	23	Rumanía	2025
11	Chiqui	Extremo esquerdo	27	España	2025
15	Miguel Cuesta	Extremo esquerdo	24	España	2025
7	Álex González	Extremo esquerdo	35	España	2025
16	Brais Abelenda	Extremo dereito	29	España	2025
17	Xabi Dominguez	Extremo dereito	22	España	2025
21	Carlos López	Dianteiro centro	29	España	2025
9	Rufo Sánchez	Dianteiro centro	38	España	2025



BO MOMENTO DO VISIT PONTEVEDRA: MIGUEL ÁNGEL VILCHEZ FIXO HISTORIA

Gran tempada en liga e ouro estatal para unha entidade que non deixou de medrar nos últimos anos.

O tenis de mesa galego está de noraboa. O Visit Pontevedra —denominación deportiva do Club Tenis de Mesa Monte Porreiro por motivos de patrocinio— está protagonizando unha tempada para enmarcar, tanto na máxima categoría do deporte estatal como nas competicións individuais. O club pontevedrés é actualmente sexto clasificado na Superdivisión masculina, un posto de privilexio que mesmo abre a porta á clasificación para competicións europeas, dependendo das decisións finais da entidade e do seu orzamento para a vindeira tempada.

Vílchez, novo campión de España

Alén da competición ligueira, os éxitos individuais confirman o excelente momento que vive o club. Miguel Ángel Vilchez proclamouse campión de España absoluto na categoría individual masculina, tras un brillante torneo no que superou a Norbert Tauler en cuartos, ao histórico Carlos Machado en semifinais e a Juan Pérez na final cun contundente 4-1. Un título que o sitúa na elite do tenis de mesa estatal e que dá visibilidade ao traballo dun equipo que combina talento e estrutura.

A canteira tamén responde

A aposta pola canteira tamén deu os seus froitos nos Campionatos de España disputados en Tarragona. Jiaqi Guo logrou o ouro na categoría infantil feminina, mentres que India Rosalía Franco acadou a medalla de prata en benxamín feminina. Dúas promesas que amosan que o futuro do Visit Pontevedra tamén vén cargado de ilusión.

O club, que representa con orgullo á cidade, está a vivir un dos momentos máis doces da súa historia. A clasificación europea sería o broche soñado para unha tempada de crecemento e consolidación, aínda que a súa participación final dependerá do encaixe orzamentario. Sexa como for, o Visit Pontevedra xa gañou algo moito máis valioso: o respecto e a admiración de todo o panorama nacional.

RODRIGO GERMADE FÓRA DO MUNDIAL: CANDO O CRONÓMETRO PESA MÁIS CÁ PERSOA

A súa exclusión reabre o debate sobre saúde mental no deporte de elite e deixa en mal lugar á Federación.

Rodrigo Germade non estará no vindeiro Mundial de piragüismo. O dobre medallista olímpico, un dos nomes máis importantes do piragüismo español na última década, quedou fóra da selección tras non superar o selectivo nacional. Ata aquí, unha nova puramente deportiva. Pero detrás do resultado hai unha historia que fala de saúde mental, de falta de empatía institucional e dunha maneira de xestionar o alto rendemento que merece máis dunha reflexión.

Unha volta contra o reloxo... e contra todo

Despois dos Xogos Olímpicos de París 2024, onde Germade conquistou un bronce co K4, o galego entrou nun período de esgotamento físico e emocional. Ansiedade, depresión e a necesidade de parar. No canto de empurralo a seguir sen estar preparado, o seu entorno máis próximo —o seu adestrador, a súa xente— apoiouno para deterse. Volveu adestrar cando puido, en novembro, con apenas tres meses e medio para preparar o selectivo.

O resultado foi digno: quedou a tan só oito décimas de meterse na final A. Pero non foi suficiente para unha federación que premia o cronómetro sen matices e que aplicou uns novos criterios de selección que castigan as traxectorias, os contextos persoais e a experiencia.

Unha federación que non escoita

“Desfixéronme como se fose unha bolsa do lixo”, chegou a declarar Germade tras coñecer a súa exclusión. Non recibiu nin unha soa chamada do presidente da Real Federación Española de Piragüismo. Tampouco do director técnico. Ningunha mostra de preocupación, de proximidade, de interese. Para un deportista que deu medallas, títulos mundiais e europeos: silencio absoluto. Para un ser humano que pediu axuda: ausencia total.

Nos últimos tempos, a federación xa recibira críticas por parte de deportistas como Teresa Portela. Pero o de Germade marca un antes e un despois: un campión olímpico que sofre por dentro, intenta volver, e atópase cunha porta pechada sen explicación máis alá do “non deches a marca”.

O deporte de elite tamén necesita humanidade

A situación de Germade deixa ao descuberto unha realidade incómoda: o deporte español segue sen saber tratar con madurez os problemas de saúde mental. Mentres noutros países xa existen protocolos, atención psicolóxica especializada e espazos de diálogo entre federacións e deportistas, aquí a resposta institucional é o baleiro.

Fálase de rendemento, pero... ¿quen mide o esforzo de volver tras unha depresión? ¿Como se valora o traballo dun deportista que tenta reconstruírse despois do abismo? No caso de Germade, nin se valorou nin se escoitou.





STELLAE LEIS PONTEVEDRA: UNHA TEMPADA MOI BRILLANTE

O equipo foi campión do grupo 1 e o seguinte reto pasa polo play off de ascenso a Segunda División.

Non deixa de ser o Leis de toda a vida, pero con nova identidade. O Stellae Leis Pontevedra completou unha tempada memorable, coroándose campión do Grupo 1 da Segunda División B de fútbol sala logo dunha igualdade extrema durante toda a liga. A fusión co Stellae FS, conxunto que en anos anteriores xogara os seus partidos en Valga e Padrón, deu como resultado un equipo reforzado que soubo competir ao máximo nivel.

O conxunto adestrado por Santi Valladares Jr. rematou o campionato con 68 puntos, os mesmos que o Caja Rural Atlético Benavente, pero superándoo na diferenza de goles e nos duelos directos. O axustado liderado deixa tamén atrás ao Grupo Forma-T Villalba FS, a só un punto, ao Pienso Durán Albense a tres e ao Salamanca FS, que quedou fóra do play-off malia quedar a só cinco puntos do líder. Unha loita feroz que se resolveu por detalles.

Agora, o Stellae Leis afronta un play-off de ascenso composto por tres eliminatorias. Na primeira, tocaralles medirse ao Pienso Durán Albense, un rival que xa lles puxo as cousas moi complicadas na liga, vencéndoo nos dous encontros. O reto será, por tanto, aínda maior, e o camiño cara a Segunda División, máis empinado do que debería.

Porque a realidade é que o formato da Segunda B de fútbol sala segue a ser un caos organizativo, descoidado e pouco xusto para os equipos que aspiran a dar un salto adiante. Os anos pasan, pero a categoría continúa igual, deixada de lado por unha federación que non atende como debe ao potencial do fútbol sala nacional.

Mención especial merece tamén a actuación do Stellae Leis na Copa Galicia, onde o equipo acadou un lugar na gran final. Alí só puido ser freado polo Noia Portus Apostoli, club de Primeira División, demostrando o nivel e a ambición que move a este renovado proxecto pontevedrés.

A ilusión está intacta, o camiño será longo, pero este Leis, con alma de sempre e corpo renovado, xa demostrou que está preparado para todo.

O POIO PESCAMAR ASENTA O NIVEL PERO QUEDA CURTO NAS EXPECTATIVAS

Eliminado xa da loita polo play off, o equipo afronta as derradeiras xornadas cun sabor de boca intermedio.

OPoio Pescamar FS chega ao treito final da tempada 2024/25 instalado na oitava posición da Primeira División. Con tres xornadas aínda por diante, o equipo xa non ten opcións matemáticas de alcanzar o play-off, un obxectivo que estaba nas expectativas do club a comezos de curso. A pesar de manter unha liña competitiva e asentada, o rendemento na liga quedou un chanzo por debaixo do que podía agardarse dun grupo de calidade.

A gran nota positiva da tempada chegou na Copa da Raíña, onde o conxunto dirixido por Luis López-Tulla asinou unha actuación de mérito. Tras eliminar ao STV Roldán nos penaltis nos cuartos de final, o Poio plantouse nas semifinais do torneo. Alí, caeu pola mínima (2-1) fronte ao CD Burela FS, nun intenso derbi galego que confirmou o nivel competitivo das vermellas. No plano individual, Chuli destacou con forza como máxima goleadora do equipo, con 13 goles ata o momento. Xunto a ela, xogadoras como Ale de Paz, Laura Uña e Candela Soria completaron un bo curso, achegando experiencia, regularidade e presenza ofensiva.

Sen obxectivos clasificatorios pendentes, o Poio afronta este final de tempada coa opción de sumar boas sensacións e preparar con tempo o seguinte ciclo. Cun bloque sólido, unha base de xogadoras contrastadas e unha identidade clara, o reto para o futuro será transformar o potencial en resultados que permitan volver loitar polas prazas de honra.





O CISNE RESISTE E MEDRA NA SÚA ÉPOCA DOURADA

O club pontevedrés mantense na División de Honra Plata tras unha tempada durísima.

O balonmán galego sabe ben o que significa o nome do Cisne. Un club con décadas de traballo formativo que, nos últimos anos, tocou o ceo cun par de ascensos á Liga Asobal. O equipo pontevedrés soubo xestionar aquel soño sen perder os pés no chan. Agora, na División de Honra Plata —segunda categoría estatal—, vive unha etapa de consolidación chea de dificultades, pero tamén de aprendizaxes.

Esta tempada 2024/25 foi un auténtico reto. O obxectivo inicial era a permanencia e cumpriuse, nun curso no que a igualdade foi máxima e no que, ademais, un descenso extra sacudiu a competición pola reincorporación do Oviedo por orde xudicial. Nese contexto tan tenso, o Cisne logrou manter a categoría, sen ruído, pero con firmeza.

Un novo ciclo no banco

A dirección deportiva apostou pola continuidade no corazón. Tras a marcha de Jabato, o home que guiou o club durante oito anos inesquecibles, foi Marcos Otero —o seu segundo— quen asumiu o timón. Á súa beira, un nome moi novo pero cheo de futuro: Roi Gallego, como axudante principal. A posta resultou valente e coherente. Marcos, coñecedor da casa e do vestiario, mantivo a identidade e a competitividade dun equipo en transición. A súa figura gañou peso nun curso de tensión, no que cada punto valía ouro.

Plantel de presente e futuro

O equipo combinou experiencia internacional con talento novo e unha base de canteira fiel á filosofía do club. Entre os nomes máis destacados da tempada, sobresaíron Mateo Arias, Alberto Delgado e Gualther de Pina, referencias en rendemento e compromiso.

Tamén tiveron peso xogadores como Roney Bengivenga, Javier Vázquez, Ivan Calvo, Roman Arbolea, Nuno Pando ou Daniel Virulegio, todos eles claves no día a día da competición.

Mentres tanto, a canteira seguiu sendo unha fonte constante de recursos: ata unha ducia de xogadores con ficha de base tiveron minutos co primeiro equipo. Nomes como Anton, Carlos Morales, Xoán Fernández, Mateo Monteagudo ou Hugo Casal xa apuntan maneiras para medrar na estrutura.

Seguir de pé, seguir soñando

O Cisne está a vivir os anos máis importantes da súa historia recente. Logo de dúas aparicións na Asobal, a realidade pasa por estabilizarse na División de Honra Plata e construír un proxecto firme, realista e con bases sólidas.

A permanencia neste curso foi un éxito silencioso pero enorme. E nese silencio, latexa a forza dun club que cre no traballo, no talento local e nun estilo que xa é marca da casa. O Cisne sobrevive, compite e agarda. Porque quizais non sexa mañá, pero tarde ou cedo, o soño da elite volverá chamar á porta.

LIRÓN TEUCRO: 80 ANOS DE LOITA, IDENTIDADE E ESPERANZA

O histórico club pontevedrés cumpre oito décadas de vida e busca volver onde merece.

O Teucro non é só un nome, é parte da alma de Pontevedra. Falan as súas cores, fala o pavillón, fala a súa historia. Fundado en 1945, o club celebra o seu 80 aniversario nun momento complexo, pero cun obxectivo claro: saír do pozo da Primeira Nacional e recuperar o lugar que lle pertence no balonmán estatal.

Nestes tempos de reconstrución, o Lirón Teucro está a reconstruír algo máis que un equipo. Está a recuperar a súa esencia. A dirección deportiva confiou esta tarefa a Irene Vilaboa, unha técnica formada, respectada e con profundo coñecemento do balonmán galego. Ao seu carón, un grupo que mestura experiencia, mocidade e canteira, dando pasos firmes nunha categoría onde nada se regala.

Unha tempada de mérito... e de rabia

O equipo finalizou terceiro no Grupo A, ás portas dunha fase de ascenso que mereceu pelexar. Foi unha liga durísima, con igualdade máxima. O OAR Coruña marcou o ritmo e o Desatascos Jumbo Gáldar levou a segunda praza do play-off. O Teucro quedou a mirar, a un paso, co sabor agri doce do que estivo preto pero non chegou.

Non é unha caída, é unha chamada. A terceira posición reflicte carácter, pero tamén sinala a esixencia dun escudo que non se conforma. Hai estrutura, hai base, hai presente e hai futuro.

Nomes que sosteñen a ilusión

O vestiario fala por si só. Homes como Eloy Krook, Francisco Santana, Caue Herrera ou Daniel Vicente dan veteranía. Outros coma Andrés Pérez, Rhuan Marchette, Gonçalo Areias ou Ricardo Antón compoñen o músculo competitivo dun grupo que loitou cada fin de semana.

Pero este Teucro tamén mira cara adiante. A nova xeración vén pisando forte: Brais Cerviño, Miguel Monteagudo, Sergio Cortizo, Sergio Wagner, Martín González... e un bo feixe de canteiráns que xa probaron o primeiro equipo con nota. Subiron, pelexaron, e deixaron claro que aquí hai relevo: Anxo Barco, Daniel Parente, Roi González, Xenxo Gonta... nomes que xa resoan nas bancadas.

80 anos, e máis vivos ca nunca

Celebrar oito décadas non é un trámite, é un acto de resistencia. O Teucro leva 80 anos defendendo unha idea, un xeito de competir e unha cidade enteira. Non hai que explicar que este club pertence á elite: xa o demostrou durante décadas. Agora só falta que o futuro o volva colocar onde merece. Este Teucro non se rende. Este Teucro vai volver.





O RALLYE DE PONTEVEDRA QUÉNTASE CON SENRA, BERDOMÁS E MEIRA COMO GRANDES PROTAGONISTAS

A sétima edición da proba, puntuable para o Campionato Galego, celebrarase en xuño con novidades nos treitos e unha loita apaixonante entre WRC e R5.

O Rallye de Pontevedra volve ao primeiro plano no mes de xuño e faino con todos os ingredientes para ofrecer un espectáculo do máis alto nivel. A cita, que forma parte do Campionato Galego de Rallyes, celebrará a súa sétima edición cun cartel de luxo encabezado por tres dos grandes nomes do automobilismo galego: Víctor Senra, Dani Berdomás e Alberto Meira.

O de Dumbría chega coa necesidade imperiosa de gañar. Tras un abandono inesperado no Rallye de Noia, Senra buscará a revancha en Pontevedra, onde volverá competir cun vehículo WRC. Se a mecánica o respecta, será sen dúbida o rival a bater na clasificación absoluta.

Mais a batalla polo Supercampionato R5 promete emocións fortes. Dani Berdomás, recente gañador en Noia, chega lanzado e disposto a seguir sumando. En fronte terá outro peso pesado: Alberto Meira, o piloto de Gondomar, que representa coma poucos o carácter competitivo do motor galego e aspira tamén ao triunfo nunha cita que coñece ben.

PRESENTACIÓN DE TREITOS E APOSTA LOCAL

A organización do rallye presentou recentemente un dos pratos fortes desta edición: o treito “Sanxenxo – Meaño”, que chegará con importantes novidades aínda por desvelar, pero que xa esperta unha gran expectación entre

os afeccionados. O acto tivo lugar en Meaño, coa presenza do alcalde Carlos Viéitez e varios concelleiros, nunha mostra máis do firme apoio institucional ao evento.

“Un ano máis, este Concello acóllenos cos brazos abertos. Queremos darlles as grazas infinitas”, sinalaron desde a organización. A especial de Sanxenxo-Meaño volverá contar co respaldo de Astilleros Polymade, empresa galega de referencia que patrocinará o treito e reafirma así o seu compromiso co deporte do motor.

EXPECTACIÓN MÁXIMA NO CALENDARIO GALEGO

O Rallye de Pontevedra consolidouse como unha das probas máis agardadas do calendario autonómico. O nivel de participación, o atractivo do percorrido e o calor do público nas cunetas fan desta cita unha parada obrigatoria para pilotos, equipos e afeccionados.

Cos treitos aínda por desvelar na súa totalidade e a emoción asegurada nas distintas categorías, a conta atrás xa comezou. Xuño marcará outro capítulo vibrante na historia deste rallye, que promete ser decisivo no desenlace do Campionato Galego.



Talleres Antonio Pintos

Talleres Antonio Pintos somos una empresa dedicada al sector de la automoción desde hace más de 35 años.

☒ Realizamos todos los servicios integrales del automóvil como:
reparación mecánica, chapa, pintura, servicio rápido, electrónica y electricidad.

☒ Somos profesionales en la venta de vehículos de ocasión multimarca, entregando nuestros vehículos con:
garantía total, transferidos y con todos los mantenimientos recién realizados en nuestras instalaciones.

☒ Disponemos de unas amplias instalaciones de 1.500 m2 cubierto y 3.000 m2 en el exterior,
ofreciendo así una amplia gama de vehículos para todos los públicos.



CONSULTAR VEHÍCULOS

En Talleres Antonio Pintos encontrará vehículos de todas las marcas y segmentos



ENTREGA A DOMICILIO

Le entregamos el vehículo en cualquier punto de la península



TRANSFERENCIA Y GARANTÍA

Los gastos del cambio de titularidad y garantía están incluidos en el precio



FINANCIACIÓN A SU MEDIDA

Le ofrecemos la financiación que mejor se adapte a sus necesidades



DIRECCIÓN

Avda. de Montecelo, 6 •
36164 • Pontevedra



TELÉFONO

639 227 967



EMAIL

talleres-antonio-
pintos@hotmail.com



CITA PREVIA

Cita previa fuera de horario
comercial



**PRODUCTOS
OFICIALES**

**BOTAS ZAPATILLAS
Y COMPLEMENTOS**



**Especialistas en fútbol y fútbol sala
Equipamiento deportivo para toda
clase de colectivos**

Cobián Roffignac 11, Pontevedra,
Spain 36002



soccerfactory®
Pontevedra

**DISEÑAMOS
TUS EQUIPACIONES**



**EQUIPACIONES
DE FÚTBOL
BOTAS
DE FÚTBOL
ZAPATILLAS
DE FÚTBOL SALA
GUANTES
DE PORTERO**

WWW.SOCCERFACTORY.ES



Italia

Bar • Restaurante • Pizzería • Asador

Tel.: 986 53 19 20

Rúa Hospital, 15

36630 Cambados - Pontevedra

